## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*ORDE do 4 de novembro de 2019 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2018/19, convocados pola Orde do 20 de maio de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 29 de maio).*

A Orde do 20 de maio de 2019 (DOG do 29 de maio) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, correspondentes ao curso 2018/19, establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicadas as puntuacións provisionais obtidas polas persoas candidatas no portal educativo https://www.edu.xunta.gal, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta do tribunal coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2018/19 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Esta orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal

CVE-DOG: kgcmusx8-p1o5-jxb6-qoz6-f6knmwr9s2g4

publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO

**Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2018/19**

| Sol. | Apelidos e nome | Cód. centro | Centro estudos | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 19001190 | Alario Pastoriza, Emilia | 36019268 | IES Gonzalo Torrente Ballester | 750 € |
| 19001103 | Castelo Gajino, Celtia | 36006641 | CPR Plurilingüe Calasancio | 750 € |
| 19001403 | Comesaña González, Noa | 36019050 | IES de Beade | 750 € |
| 19001285 | Cuíña Moreira, Lucía | 36006717 | IES Sánchez Cantón | 750 € |
| 19001490 | Fernández Sánchez, Leopoldo | 15015561 | CPR Manuel Peleteiro | 750 € |
| 19001270 | Ferrer Muñiz, Andrea | 36020143 | IES de Poio | 750 € |
| 19001493 | Freire Arias, Mario | 15015561 | CPR Manuel Peleteiro | 750 € |
| 19001238 | Gómez Lomba, Claudia | 36019244 | IES A Sangriña | 750 € |
| 19001440 | González Fernández, Carmen | 15025682 | IES Fraga do Eume | 750 € |
| 19001218 | Graña Lobeira, Xavier | 36020246 | IES Illa de Ons | 750 € |
| 19001500 | Lamela Vázquez, Cristina | 15015561 | CPR Manuel Peleteiro | 750 € |
| 19001221 | Lorenzo Poncela, Ariadna | 36006717 | IES Sánchez Cantón | 750 € |
| 19001336 | Martínez García, Luis | 32015207 | IES O Couto | 750 € |
| 19001307 | Otero Gómez, Ibai | 36019396 | IES Francisco Asorey | 750 € |
| 19001282 | Penabad Garrote, Noelia | 15010137 | CPR Ayala | 750 € |
| 19001105 | Rodríguez Viñas, Pedro | 36011181 | CPR Plurilingüe Mariano | 750 € |
| 19001268 | Soto Rey, Rosalía | 15025712 | IES Antonio Fraguas Fraguas | 750 € |
| 19001291 | Tuñas Carballo, Mariña | 15027940 | IES As Insuas | 750 € |
| 19001180 | Vázquez Velasco, Adrián | 32008951 | IES Ramón Otero Pedrayo | 750 € |
| 19001264 | Vidal Villalba, Pedro | 15006432 | CPR Tirso de Molina | 750 € |

CVE-DOG: kgcmusx8-p1o5-jxb6-qoz6-f6knmwr9s2g4